

SÉTIMA.- Duración e vixencia.

O presente convenio extenderá a súa vixencia por dous (2) anos a partir da súa sinatura, e poderá ser prorrogado anualmente por máximo de dous (2) anos máis mediante acordo do pleno da Deputación Provincial e previa solicitude do Concello da Coruña.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- Causas de resolución.

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumplidos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

NOVENA.- Natureza xurídica.

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de setembro de 2024, por acordo número 14.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

**O REPRESENTANTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DO CONCELLO DA
CORUÑA**

Asdo.: Xosé Luis Penas Corral

Asdo.: Gonzalo Henrique Castro Prado

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Número 105 /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S. ROSALÍA MERA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Na Coruña, a 23 de novembro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Luis Penas Corral, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, Don Gonzalo Henrique Castro Prado, en representación do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto "Rosalía Mera" na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.l) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte destas actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais o aumento da demanda fai preciso aumentar os espazos deportivos, contribuíndo deste modo á promoción do deporte e a ocupación do lecer e do tempo libre, co beneficio directo da poboación desta cidade e de incentivo do deporte base e de competición.

O pavillón polideportivo do instituto "Rosalía Mera" utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O Centro "Rosalía Mera" (antes Calvo Sotelo) conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida de Labañou.

A instalación ten unha pista de 959,48 m² cun pavimento elástico/combinado. As características técnicas deste pavimento non permiten a realización sobre o mesmo de deportes a patíns, tipo hockey ou similares, ou daquelas actividades que supoñan sobrecargas excesivas, como por exemplo o levantamento de pesas.

A pista deportiva ten sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de baloncesto, balonvolea, baloncesto, balonmán e fútbol sala. Dispón de porterías, canastras e marcador electrónico.

Dispón de 3 zonas de bancadas, situadas en ambos fondos en un dos laterais da pista, e conta tamén con 4 vestiarios, dous recentemente modificados, e aseos para público.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación Provincial unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. "Rosalía Mera": de 19:00 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restricións horarias que se determinen.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Os clubs ou entidades usuarias do pavillón non poderán deixar material deportivo no pavillón cando non o utilicen pois non se dispón dun espazo delimitado para dito fin ou vixiado para gardalo.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalacións para as actividades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior.

QUINTA.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas do Concello:

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuízos que ocasione a terceiros.

O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello ao remate das actividades realizará unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.5.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.6.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalacións deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

2.- Obrigas de Deputación:

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura e Mantemento ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.